

Resolución do 17 de agosto de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais para mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (SI427A).

ORGANISMO

Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

BENEFICIARIOS

Subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, rexistradas na área de igualdade do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, destinadas ao mantemento de centros e ao desenvolvemento de recursos integrais e de proxectos formativos para mulleres, nomeadamente aquelas que se atopan en situación de especial discriminación ou desigualdade.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Liña 1: axudas económicas de apoio ao mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día).

Liña 2: axuda económica para a realización de proxectos formativos para mulleres dirixidos á súa integración laboral ou mellora da súa empregabilidade.

CONTÍA

- a) Axuda por ocupación: compensación económica de 20,00 euros por día e persoa.
- b) Incentivos para o fomento da contratación de profesionais da acción social:
 - 4.000 euros, por cada contrato laboral a tempo parcial por 6 meses, grupos profesionais I e II.
 - 12.000 euros, por cada contrato laboral a tempo completo por 12 meses grupos I e II.
 - 8.000 euros, por cada contrato laboral a tempo parcial por 12 meses, grupos I e II.
 - 6.000 euros, por cada contrato laboral a tempo completo por 6 meses pertencente ás categorías ou grupos profesionais I e II.
- c) Subvención para gastos correntes e de persoal (soldos, cotas á Seguridade Social, material de oficina non inventariable, material funxible e específico, subministracións de auga, luz, teléfono; vestiario, alimentos, limpeza, alugueiros e similares) efectivamente realizados no período establecido, directamente vinculados ao desenvolvemento dos programas subvencionados e que figuren debidamente reflectidos no orzamento presentado coa solicitude.

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.